






NOVIDADES



ANÍMATE A DESCUBRILAS!!!!

BOLETÍN BIBLIOTECA 2º TRIMESTRE

Curso 2015/16



Este trimestre Marquiños axudounos na celebración de varias datas especiais nas que se deron a man a imaxinación, a tradición, o coñecemento e os valores.

Comezamos coa celebración do Día da Paz, para o que incidimos no coñecemento e valoración doutras formas e sistemas de sociedade e vida.

Festexamos tamén o Día Internacional da Lingua Materna, facendo especial fincapé na nosa, a lingua galega, pero sen perder de vista as outras. Para isto contamos coa axuda das familias, e escoitamos contos e historias en euskera, portugués e inglés.

E falando da lingua galega, celebramos o Día de Rosalía. Muller ousada, adiantada aos seus tempos, que non dubidou en defender a importancia da nosa lingua como idioma formal e culto. Neste sentido dúas alumnas fixeron unha viaxe no tempo para poder conversar con Rosalía.

(<http://mergullate.blogspot.com.es/2016/02/dia-de-rosalia.html>)

E tomando como referente a Rosalía adentrámonos no mundo da igualdade, do recoñecemento e da reivindicación coa celebración do Día da Muller.

E despois de tanto traballíño, ben merecidas teñen as nenas e nenos do San Marcos unhas vacacións. Gozade. Vémonos á volta!

PROXECTO DOCUMENTAL INTEGRADO: AS RAÍCES CELTAS.

Ao longo deste trimestre seguimos adiante co proxecto. En primaria estivemos aprendendo cousas sobres as nosas costumes e tradicións. E para isto contamos tamén coa colaboración da “profe” Carina que preparou un power point no que fala dos trasnos e seres fantásticos da tradición galega. Así mesmo, en infantil, están a traballar sobre os castros e os castrexos.

Do mesmo xeito, o Entroido no colexio versou sobre a temática deste proxecto. Puidemos gozar de clans celtas, lumes fatuos, castrexos, clans escoceses, druídas e meigas, e deuses e deusas da natureza.

Tamén nos gustaría agradecer a colaboración de Gerry, a auxiliar de conversa do IES de Viós , que nos visitou para falarnos da celebración do Saint Patrick , e doutras cousas de interese para nós, xa que non podemos esquecer que os Irish son uns dos nosos curmáns celtas.

CLUB LECTOR

No club lector estamos facendo cousas de diversos tipos. Traballamos a lectura da poesía, xa que este mes de marzo é o que dedicamos no cole á mesma. Practicamos a lectura de contos bilingües e fixemos os obradoiros de teatro “O parruliño feo” e “Cincenta”.

Coas poesía traballadas fixemos recitáis para os compañeiros do colexio e presentaremos o traballo teatral na terceira semana do mes de maio.

O TRIMESTRE EN FOTOS...

